

PROXECTO DIDÁCTICO



Índice

Índice.....	2
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
AO RESPECTO DA MATERIA.....	5
IDEAS PARA A ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS.....	9
A SECUENCIA E O RITMO DA APRENDIZAXE.....	9
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	11
OBXECTIVOS.....	13
OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	13
OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS NA ESO.....	15
OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS PARA BACHARELATO.....	16
TRATAMENTO DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	18
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.....	21
AS MATEMÁTICAS NO DECRETO 86/2015.....	36
PROGRAMACIÓNS DE AULA: ESO.....	39
Concreción dos obxectivos para o curso.....	39
Matemáticas. 2º de ESO.....	42
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 4º de ESO.....	49
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 4º de ESO.....	56
Matemáticas II. 2º de bacharelato.....	73
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato.....	82
ACTIVIDADES OU RECURSOS A UTILIZAR.....	90
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar:.....	91
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....	93
Cualificación e temporalización na materia Matemáticas 2º ESO.....	95
Cualificación e temporalización na materia Matemáticas Orientadas ás ensinanzas académicas 4º ESO.....	98
Cualificación e temporalización na materia Matemáticas Orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO.....	101
Cualificación e temporalización na materia de Matemáticas II (2º Bacharelato).....	104
Cualificación e temporalización na materia de Matemáticas Aplicadas ás CC SS II (2º Bacharelato).....	106

Cualificación e temporalización da materia de Matemáticas II.....	108
(2º Bacharelato - Semipresencial).....	108
Cualificación e temporalización da materia de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II.....	112
(2º Bacharelato - Semipresencial).....	112
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	116
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	116
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS.....	118
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	119
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	120
PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TIC NAS MATERIAS DE MATEMÁTICAS.....	124
CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO INSTITUTO.....	127

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez, está situado ás aforas, na zona deportiva a 1,5 Km. do casco urbano, rodeado polos outros dous institutos de secundaria que ten tamén este pobo. O recinto escolar está cercado e consta dun edificio principal con tres andares, ximnasio, talleres de automoción, e complétase isto con zona verde onde o alumnado pasa os tempos de lecer. Neste centro impártense cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato, Ciclos Formativos, Ensinanzas de Adultos e dende o curso 2008/2009 impártense ensinanzas de idiomas, como Sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. Está situado en A Estrada. Cunha superficie de 281 km cadrados A Estrada é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Pontevedra, pertence a comarca de Tabeiros Terra de Montes, e capital do partido xudicial do seu mesmo nome, ademais dunha das vilas máis poboadas. Os seus 20.661 habitantes agrúpanse en 51 parroquias, concentrándose o 50% dos habitantes no seu núcleo urbano. O alumnado propio do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez provén das seguintes parroquias do Concello: Lagartóns, Cereixo, Vinseiro, Moreira, Aguíóns, Paradela, Riveira, Somoza, Ouzande, Guimarei, Toedo, Matalobos e Santeles. Ademais estes últimos anos aumentou a matrícula de alumnos do pobo, pola cantidade de xente nova que se veu vivir aos novos edificios próximos ao colexio de Figueiroa, polo que temos unha mestura de alumnado do rural e do pobo. Temos familias compostas por varias xeracións que conviven no rural no mesmo domicilio: pais dos alumnos, avós, fillos e as veces xunto con outros membros consanguíneos ou afíns da familia. Todos eles, en moitos casos colaboran nas tarefas diaria do mantemento das explotacións agropecuarias, aínda que cada vez mais, algún membro da familia compatibiliza esta axuda cun traballo fóra do sector primario. Hai tamén outro tipo e alumnado que vive no pobo e que os pais traballan no sector servizos, na industria do moble, ou van traballar a Santiago e teñen A Estrada como residencia. A Estrada conta con decenas de empresas que fabrican e venden mobles de todos os estilos, sendo esta a principal industria do municipio. Aínda que conta cunha puxante industria do sector da madeira e o moble, A Estrada é unha vila esencialmente de servizos coas necesidades habituais destas vilas. Está situada preto de Santiago de Compostela,

capital administrativa de Galicia e distrito universitario. Páxina 6 de 35 Dentro do sector dos servizos, destacan especialmente o comercio, que atrae compradores de toda a comarca, e a hostalaría e o turismo rural, que se está a consolidar nos últimos anos. O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO ven do centro adscrito que é o CEIP de Figueiroa, agás imprevistos de alumnos trasladados, cambio de domicilio dos pais, etc. No resto das etapas, ademais do alumnado propio que continúa a cursar ciclos formativos, cóntase con alumnado procedente de outros centros de A Estrada ou outras localidades. Detéctase ademais un incremento no número de persoas adultas que están a cursar estudos no centro, tanto de ESO e Bacharelato como de FP. Cómpre tamén sinalar que desde o ano 2014 o centro imparte Formación para o Emprego (Cursos AFD) ao o abeiro dos sucesivos acordos de colaboración asinados entre as consellerías con competencia en Educación e en Emprego. En xeral as familias soen colaborar e amosar interese pola formación dos seus fillos e fillas. Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar e a Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA). Nalgún casos é preciso a colaboración con outros servizos para dar resposta ás necesidades dalgunhas familias. Pola implicación co noso centro destácanse as seguintes institucións ou entidades: Servizos Sociais do Concello de A Estrada, Centro de Axuda Social, Cáritas, entre outras. Por outra parte, o centro dispón de servizo de transporte escolar para o alumnado do centro que cumpra os requisitos esixidos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

AO RESPECTO DA MATERIA

As Matemáticas, que constitúen un campo en continua expansión de crecente complexidade, onde os constantes avances deixan anticuadas as concepcións tradicionais, poden e merecen ser ensinadas con contidos e mediante procedementos distintos dos utilizados habitualmente. A mesma introdución e aplicación de novos medios tecnolóxicos obriga a un deseño diferente, tanto nos contidos como na forma de ensinanza.

No desenvolvemento da aprendizaxe matemática desempeña un papel primordial a experiencia e a indución. A través de operacións concretas como contar, comparar, clasificar, relacionar, o suxeito vai adquirindo representacións lóxicas e matemáticas de maneira abstracta, que logo valerán por si mesmas e serán susceptíbeis de formalización nun sistema plenamente dedutivo, independente xa da experiencia directa.

A formalización e estruturación do coñecemento matemático como sistema dedutivo non é o punto de partida, senón máis ben un punto de chegada dun longo proceso de aproximación á realidade. A constante referencia a esta, aos aspectos de construción indutiva e empírica, que se encerran na actividade matemática, non pode facer esquecer os elementos polos que as matemáticas se distancian da realidade en actividades e operacións que teñen que ver coa creatividade, a crítica, o poder de imaxinar e representar non só espazos multidimensionais, senón, en xeral, unha "realidade" alternativa.

O ensino das matemáticas estivo condicionando non só pola estrutura interna do coñecemento matemático, senón tamén por obxectivos de desenvolvemento intelectual xeral, posto que as matemáticas contribúen ao desenvolvemento das capacidades cognitivas abstractas e formais, de razoamento, abstracción, dedución, reflexión e análise. Certamente, as matemáticas deben contribuír a lograr obxectivos educativos xerais vinculados ó desenvolvemento de capacidades cognitivas. Pero hai que destacar tamén o valor funcional que posúen como conxunto de procedementos para resolver problemas en diferentes campos, para subliñar aspectos e relacións da realidade non directamente observábeis e para permitir anticipar e predicir feitos, situacións ou resultados antes de que se produzan ou se observen empiricamente.

Na sociedade actual é imprescindible manexar conceptos matemáticos relacionados coa vida diaria, no ámbito do consumo, da economía privada e en moitas situacións da vida social. Por outra parte, a medida que os alumnos e alumnas progresan a través dos ciclos da educación obrigatoria, son precisas unhas matemáticas máis complexas para o coñecemento, tanto nas ciencias da natureza como nas ciencias sociais.

A súa aprendizaxe debe levar á capacidade de utilizar a linguaxe matemática na elaboración e comunicación de coñecementos. Así pois, ao longo da educación

obligatoria as matemáticas deben desempeñar, un papel formativo básico de capacidades intelectuais, un papel aplicado, funcional, e un papel instrumental, como base formalizadora dos coñecementos doutras materias.

Das consideracións expostas sobre o modo de construción do coñecemento matemático séguense os **principios que presiden a selección e organización dos seus contidos**.

- 1 As matemáticas deben ser presentadas ao alumnado como un conxunto de coñecementos e procedementos que evolucionaron no transcurso do tempo, e que, con seguridade, continuarán evolucionando no futuro.
- 2 É necesario relacionar os contidos da aprendizaxe das matemáticas coa experiencia do alumnado, así como presentalos e ensinalos nun contexto de resolución de problemas e de contraste de puntos de vista nesta resolución.
- 3 A ensinanza e a aprendizaxe das matemáticas deberá atender equilibradamente aos seus distintos obxectivos educativos:
 - 3.a Establecer destrezas de carácter xeral, susceptíbeis de ser utilizadas nunha ampla variedade de casos particulares, e que contribúen á potenciación das capacidades cognitivas dos alumnos.
 - 3.b Posibilitar que o alumnado valore e aplique os seus coñecementos matemáticos fora do ámbito escolar, en situacións da vida cotiá.
 - 3.c Ampliar o valor instrumental das matemáticas, proporcionando formalización ao coñecemento humano e, en particular, ao coñecemento científico, a medida que o alumnado progresa cara a tramos superiores da educación.

No transcurso da educación secundaria obrigatoria, o alumnado prosegue un proceso de construción do coñecemento matemático que acadou xa niveis considerábeis de desenvolvemento ao termo da educación primaria. Introdúcense novas relacións, conceptos e procedementos, ampliando o campo de reflexión matemática; utilízanse novos algoritmos, de crecente complexidade e investíganse novas aplicacións, mentres se enriquecen e afondan as nocións e procedementos introducidos na etapa anterior.

As posibilidades para avanzar no proceso de construción do coñecemento matemático, asegurando niveis intermedios de abstracción, simbolización e formalización, aparecen nunha dobre liña, por un lado, a capacidade que o adolescente ten de abstraer relacións e realizar inferencias, permite avances substanciais no coñecemento matemático; e por

outro lado, a capacidade do adolescente de analizar as informacións concretas sobre a realidade, fai posíbel a introdución do razoamento hipotético dedutivo e abre unha vía de acceso aos compoñentes máis formais do coñecemento matemático.

Nesta etapa educativa, manteñen a súa validez os seguintes principios xerais:

- Conceder prioridade ao traballo práctico e intuitivo.
- Potenciar o cálculo mental e a capacidade de estimación de resultados e magnitudes.
- Introducir as anotacións simbólicas e as formalizacións a partir do interese polos conceptos e a necesidade de acudir a procedementos matemáticos.
- Utilizar actividades de grupo que favorezan a discusión, a confrontación e a reflexión sobre las experiencias matemáticas.
- Atender ao desenvolvemento de estratexias persoais de resolución de problemas.
- Utilizar distintos ámbitos de actividade dos alumnos, dentro e fora da escola, como fonte de experiencias matemáticas.

Os contidos das matemáticas nesta etapa de educación obrigatoria debe rexerse non só polo seu valor de preparación para adquirir coñecementos en posteriores tramos da educación non obrigatorios, senón polo valor intrínseco da formación aportada polas matemáticas e da súa necesidade para a vida adulta na sociedade. O obxectivo desta área debe ser que os alumnos e alumnas adquiren os coñecementos necesarios para desenvolverse como cidadáns nunha sociedade que incorpora e require, cada vez máis, conceptos e procedementos matemáticos.

As matemáticas, en fin, constitúen unha área particularmente propicia para o desenvolvemento de certas actitudes relacionadas cos hábitos de traballo, como:

- A curiosidade e o interese por investigar e resolver problemas.
- A creatividade na formulación de conxecturas.
- A flexibilidade para cambiar o propio punto de vista.
- A autonomía intelectual para enfrontarse con situacións descoñecidas.
- A confianza na propia capacidade de aprender e de resolver problemas.

IDEAS PARA A ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos de matemáticas están sen dubida fortemente relacionados entre si. Pero calquera organización didáctica deles dá prioridade a algunhas relacións, en detrimento doutras. Así, por exemplo, os contidos relacionados coa probabilidade poden organizarse de distintas maneiras: de forma illada, en relación cos de estatística, en relación coa proporcionalidade, coa medida, etc., e todas as relacións que se establecen en cada caso poden ser importantes.

Os contidos relativos ao campo numérico proporcionan ao alumnado unha linguaxe e unhas estratexias de actuación imprescindíbeis para o resto da área; calquera actividade matemática necesita, en maior ou menor medida, conceptos e destrezas de natureza numérica. Reciprocamente, o valor e o significado que outros contextos (medida, xeometría, probabilidade...) asignan ás operacións, aos números e, en xeral, ás habilidades numéricas, son necesarios para a construción das estruturas conceptuais asociadas a elas. Polo tanto, é obrigado o traballo destes contidos en estreita relación cos do resto da área.

A medida debe contemplarse en estreita relación coa proporcionalidade, a semellanza, os conceptos espaciais e o traballo numérico. Durante toda a etapa, a medida debe utilizarse como instrumento de descrición, representación e exploración de tempos, espazos e obxectos xeométricos.

A actividade entorno ao azar contribúe notablemente á aprendizaxe de procedementos de tipo xeral, como son o deseño de experimentos e a observación, rexistro e busca de regularidades nos resultados. Hai unha relación estreita entre os contidos relativos ao azar e os que se refiren ao tratamento estatístico de datos. Ademais do concepto común de frecuencia, a elección de mostras e a extrapolación de resultados dunha mostra a toda a poboación requiren intuicións e actitudes críticas sobre o aleatorio.

A SECUENCIA E O RITMO DA APRENDIZAXE

Todo novo contido debe relacionarse con outros anteriores, o que obriga a facer unha secuencia axeitada. Pero, dende logo, non é imprescindible apoiarse en conceptos acabados e ben precisos para seguir avanzando. É máis, cada vez que se aprende algo novo, remodeláanse e cambian de significado moitas das cousas que se consideraban

ben asentadas e asimiladas. O aprendizaxe das matemáticas, así como o seu desenvolvemento histórico, non é un proceso lineal de acumulación de coñecementos. A análise da evolución histórica das matemáticas dá pistas sobre algúns contidos particularmente difíciles e que só se poden incluír nos últimos anos da etapa. A evolución cognitiva do alumno e os aprendizaxes realizados noutras áreas son tamén aspectos a considerar. A **historia das matemáticas** informa sobre cales deben ser os modos de razoar matemático no transcurso do tempo, que conceptos son difíciles ou supuxeron unha auténtica ruptura con épocas anteriores e cales outros serviron para desenvolver ou afianzar teorías xa establecidas. Esta información é útil para a práctica docente en canto que pode dicirse que nos alumnos a aprendizaxe reproduce en parte as crises históricas de ruptura e reorganización de conceptos propias do avance científico. Por exemplo, a tardía aparición do cero como número compaxínase ben coas dificultades que teñen os alumnos ó respecto: escriben mal números con ceros intermedios ou con ceros na parte decimal, interpretan que unha ecuación con raíz cero non ten solución, etc.

Sería inxenuo, sen embargo, establecer un paralelismo estrito entre o desenvolvemento da historia das matemáticas e o dos conceptos matemáticos nos alumnos. Por exemplo, na actualidade interpretan gráficas funcionais sinxelas desde moi cedo, mentres que historicamente o concepto de función e a súa visualización mediante unha curva pertencen a unha época tardía. Esta desconformidade pode explicarse quizais pola utilización masiva da linguaxe gráfica na nosa cultura.

Grande parte das **aprendizaxes** que se propoñen son **a longo prazo**. Han de traballarse durante toda a etapa, pero só ó final se acadarán de forma clara, e non por todos os alumnos en igual medida. Este é o caso, sobre todo, dos procedementos e destrezas máis xerais e dos contidos de tipo actitudinal. Débese proporcionar aos alumnos e alumnas as oportunidades de traballar nun mesmo concepto en moitos contextos diferentes, varias veces ao longo da etapa e a distintos niveis de profundidade. Case todos os contidos deben ser retomados en varias ocasións ao longo da etapa, para que o alumno poida enriquecer paulatinamente o seu significado, as súas relacións con outros, a familiaridade con que o incorpora a súa propia bagaxe de coñecementos.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Partimos en primeiro lugar do feito de que non existe a metodoloxía perfecta, pero consideramos que existen uns principios básicos para un maior aproveitamento do esforzo do alumnado e do profesorado, son os seguintes:

- O alumnado é o suxeito da aprendizaxe.
- Débese facilitar este proceso sen caer na idea de que o profesorado transmite o coñecemento e o alumnado é un simple receptor.
- Débense facer tarefas concretas tanto de forma individual como en grupos de traballo.
- O papel do profesorado en todo este proceso é o de ser guía, propoñendo situacións e contextos que favorezan que todo o alumnado aumenten o seu nivel de abstracción.

Para empezar o desenvolvemento de cada unidade debe terse en conta os coñecementos previos dos alumnos e alumnas, así como as súas ideas erróneas, para iso o profesor ou profesora debe realizar un diagnóstico inicial.

Antes de acometer a exposición, formulación e simbolización de conceptos teóricos débense propoñer ao alumnado tarefas previas situadas en diversos contextos, sempre que sexa posíbel relacionadas co entorno do alumnado, que faciliten a motivación e a asimilación dos conceptos. Desde este punto de vista nin todos os alumnos e alumnas deben de realizar todas as actividades, nin estas han de ser as mesmas para todos. Queda para o profesor ou profesora a tarefa de analizar e decidir en cada momento cales son as máis idóneas para conseguir os obxectivos marcados.

Un recurso que pode ser fundamental nesta etapa é a calculadora. A súa utilidade é moi grande e ademais é un recurso moi próximo ao alumnado. Por iso debemos aproveitar esta circunstancia para que os estudantes a usen adecuadamente e saquen o maior proveito da mesma.

A Educación Secundaria debe propiciar no alumnado o convencemento de que as matemáticas non son un compartimento estanco con respecto ao resto da actividade humana, e que poden servirse delas para resolver mellor moitos dos problemas da súa

vida diaria. Sen pretender unha enumeración detallada das posibles conexións entre as matemáticas e outros coñecementos, indicamos algunhas:

Nas **Ciencias Sociais** utilízanse taxas e índices, gráficos de todo tipo, ademais de mapas e planos a escala, para o que se necesitan realizar observacións que requiren técnicas elementais de mostraxe, enquisa, tabulación e reconto. A prensa e a publicidade proporcionan exemplos de gráficos, estatísticas e diagramas para transmitir informacións que poden interesar aos alumnos.

Tanto nas **Ciencias da Natureza** como na **Tecnoloxía** mídense ou estímense diferentes magnitudes e fanse cálculos con elas. As leis relativas a fenómenos físicos e naturais enúncianse en linguaxe numérica, xeométrica ou alxébrica.

A importancia que se asigna a xeometría de figuras e transformacións e aos diferentes aspectos da proporcionalidade invita a utilizar composicións **plásticas** como contexto para diferentes investigacións xeométricas.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Segundo o Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- o Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- p Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- q Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. imparta máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnos e de alumnas.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS NA ESO

O Decreto *133/2007, do 5 de xullo*, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia di que a ensinanza das matemáticas nesta etapa contribuirá a que o alumnado desenvolva as capacidades implícitas nos seguintes obxectivos xerais:

- 1 Incorporar á linguaxe habitual os modos de argumentación e as formas de expresión matemática (numérica, alxébrica, xeométrica, gráfica, probabilística, etc.), tanto nas situacións que se suscitan na vida cotiá como nas procedentes dos ámbitos matemático ou científico, co obxecto de mellorar a comunicación e promover a reflexión sobre as propias actuacións.
- 2 Cuantificar aqueles aspectos da realidade que permitan interpretala mellor: utilizar procedementos de medida, técnicas de recollida e análise de datos, empregar a clase de número e a notación máis adecuada para representalos e realizar o cálculo máis apropiado a cada situación.
- 3 Identificar os elementos matemáticos (datos estatísticos, xeométricos, gráficos, cálculos, etc.) presentes nos medios de comunicación, internet, publicidade ou outras fontes de información; analizar criticamente as funcións que desempeñan estes elementos matemáticos e valorar se a súa achega mellora a comprensión das mensaxes.
- 4 Identificar, describir, representar e cuantificar as formas e relacións espaciais que se presentan na vida cotiá, en contextos científicos e artísticos, analizar as propiedades e relacións xeométricas implicadas, valorar a súa compoñente estética e estimular a creatividade e a imaxinación.

- 5 Utilizar de forma adecuada os distintos medios tecnolóxicos (calculadoras, ordenadores, etc.) para realizar cálculos numéricos ou alxébricos, comprobar propiedades xeométricas, buscar, tratar, representar e transmitir informacións de índole diversa e como axuda na aprendizaxe.
- 6 Fortalecer a capacidade de razoamento, actuando ante os problemas que se suscitan na vida cotiá de acordo con modos propios da actividade matemática, tales como a exploración sistemática de alternativas, o preguntas ante as apreciacións intuitivas, a flexibilidade para modificar o punto de vista, a precisión na linguaxe, a xustificación dos razoamentos, a perseveranza na procura de solucións ou a necesidade da súa verificación.
- 7 Formular e resolver problemas matemáticos ou procedentes doutras ámbitos, individualmente ou en grupo, empregando distintos recursos e instrumentos, valorando a conveniencia das estratexias utilizadas en función da análise dos resultados obtidos e mostrando unha actitude positiva e confianza na propia capacidade.
- 8 Integrar os coñecementos matemáticos na bagaxe cultural propia, en conxunción cos saberes que se van adquirindo desde as distintas áreas e aplicarlos para analizar e valorar fenómenos sociais como a diversidade cultural, o respecto ao ambiente, a saúde, o consumo, a igualdade de xénero ou a convivencia pacífica.
- 9 Valorar as matemáticas como parte integrante da nosa cultura desde un punto de vista histórico, apreciando a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade actual.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS PARA BACHARELATO

O desenvolvemento desta materia contribuirá a que o alumnado adquira as seguintes capacidades:

- Comprender os conceptos, procedementos e estratexias matemáticas que lles permitan ós alumnos e ás alumnas avanzar na propia matemática, nas súas conexións e aplicacións con outras materias, para poder acceder a estudos posteriores relacionados coas humanidades e as ciencias sociais.

- Aplicar os coñecementos matemáticos a situacións diversas, utilizándoos, en particular, na interpretación de fenómenos e procesos das ciencias sociais e humanas e nas actividades cotiás.
- Utilizar e contrastar estratexias diversas para a resolución de problemas, de forma que lles permita enfrontarse a situacións novas con autonomía, perseveranza, eficacia e creatividade.
- Elaborar xuízos e formar criterios propios sobre fenómenos sociais e económicos, utilizando tratamentos matemáticos, e expresar criticamente opinións, argumentando con precisión e rigor, aceptando a discrepancia e os puntos de vista diferentes.
- Empregar os coñecementos matemáticos para interpretar criticamente as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e outros ámbitos sobre cuestións científico – tecnolóxicas.
- Mostrar hábitos e actitudes propias da actividade matemática, tales como a explicitación de hipóteses, a formulación de conxecturas, a construción de exemplos e contraexemplos, a xustificación das afirmacións que se formulan, a necesidade de verificación, a valoración da precisión, o cuestionamento das apreciacións intuitivas, a visión crítica e a apertura a novas ideas.
- Utilizar o discurso racional para formular acertadamente os problemas, xustificar procedementos, adquirir certo rigor no pensamento científico, encadear coherentemente os argumentos e detectar incorreccións lóxicas.
- Expresarse oral, escrita e graficamente en situacións de ser tratadas matematicamente, mediante a adquisición e o manexo dun vocabulario específico de termos e notacións matemáticos.
- Establecer relacións entre as matemáticas e o contorno social, cultural e científico-tecnolóxico, apreciando o seu lugar como parte da nosa cultura.
- Valorar o traballo en grupo como elemento base de interacción persoal no proceso de ensino-aprendizaxe das matemáticas, comprendendo a importancia das ideas e opinións diversas, das estratexias e métodos persoais de formulación e resolución alleos como fonte de mellora e enriquecemento do pensamento propio.

TRATAMENTO DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS

Todo o currículo do ciclo presta especial atención ós **temas transversais**, vinculados ás situacións que se presentan nas actividades propostas. Non se presentan nunha sección fixa, senón distribuídos nos diversos apartados.

Non todos os temas transversais poden ser tratados coa mesma profundidade, pero débese realizar un esforzo para conseguir que todos se traten o máis adecuadamente posíbel. Os temas relacionados coa prensa son bastante máis fáciles de traballar en matemáticas e polo contrario outros, como a educación vial, son máis custosos.

Respecto á educación non sexista hai que fuxir, na presentación das actividades, dos tópicos tradicionalmente relacionados cos dous sexos. Ademais hai que ter en conta as diversas motivacións dos alumnos e alumnas así como o seu desenvolvemento intelectual.

Por outra parte, o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos outros, o gusto pola precisión e o rigor, o fomento da presentación e a orde na realización de tarefas, a puntualidade... axudan a conseguir os hábitos necesarios para vivir nunha sociedade pluralista e democrática.

As Matemáticas ademais do seu carácter instrumental, teñen sobre todo un carácter formativo. Poden e deben entenderse como auxiliares de outras disciplinas para facilitar a súa comprensión e comunicación; sen embargo o currículo de Secundaria sinala que deben contribuír á formación dos alumnos e alumnas como cidadáns consumidores, sensíbeis ao medio ambiente, preocupados por manter boa saúde física e mental, educados para a paz, a igualdade de oportunidades entre os dous sexos, etc.

En canto a educación do consumidor, podemos destacar algunhas actividades enmarcadas en:

- Publicidade: Utilización de representacións gráficas (series temporais, gráficas estatísticas e funcionais), así como de datos numéricos de diversos tipos.
- Aspectos económicos: O manexo da relación de proporcionalidade e as súas diferentes formas de expresión.
- A medida é esencial no ámbito do consumo. Todos os contidos relacionados coa estimación de medidas, a medición e o uso dos sistemas métricos están directamente relacionados con este tema transversal.

Respecto da **educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos**, débese fomentar o coñecemento e recoñecemento da capacidade de cada un dos compañeiros e compañeiras no ámbito das matemáticas. Está relacionado con isto o contido actitudinal que se refire ao respecto e valoración das solucións alleas.

A continuación relacionamos unha serie de actividades que se farán cos alumnos nas distintas unidades que contribuirán na medida do posíbel a mellorar a sensibilidade respecto dos mencionados temas.

- Aritmética
 - Os números aplicados á comunicación de compras.
 - Utilización das porcentaxes en relación cos consumos habituais dos alumnos e alumnas.
 - Calcular cantidades iniciais coñecida a porcentaxe aumentada ou diminuída.
 - Analizar empregando fraccións e porcentaxes a repercusión do tabaco sobre o padecemento de enfermidades coronarias.
- Álgebra
 - Ecuacións e sistemas para obter datos que faltan en relación con temas de consumo.
- Xeometría
 - A través do manexo de planos e mapas, analizar a superficie de Galicia, de terreos arrasados polos incendios forestais do último ano.
- Análise
 - Funcións de proporcionalidade sobre temas de consumo.
 - Utilización dos coñecementos sobre funcións para correlacionar a repercusión de dous factores na prevención de enfermidades.
- Estatística
 - Realización de enquisas, táboas e gráficos estatísticos sobre temas de consumo, hábitos de saúde...
 - Analizar gráficas que contemplan variábeis de saúde: temperatura, tensión arterial, nivel de colesterol...
 - Manexo de informacións de prensa, ou documentos oficiais, para analizar os consumos de auga así como a evolución das reservas ano tras ano.

- Estudos estatísticos sobre o tipo e a cantidade de produtos que se reciclan en Galicia.
- Enquisas sobre o uso ou non, nas casas de alumnas e alumnos, de determinados produtos nocivos para o medio ambiente como os aerosois etc.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

COMPETENCIAS CLAVE

Unha posible definición podería ser: *a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas*. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes (coñecementos teóricos) como as habilidades (coñecementos prácticos ou aplicados) e as actitudes (compromisos persoais), e vai máis aló do saber e do saber facer ou aplicar porque inclúe o saber ser ou estar. Pero en todo caso cómpre advertir que existen outras moitas aproximacións conceptuais.

Características dun modelo educativo baseado nas competencias clave

Destacaremos algunhas das características do modelo de traballo escolar derivado da aplicación das competencias educativas básicas no currículo: do *ensino para saber* ao saber para actuar.

Unha sociedade que quere avanzar mirando ó futuro, precisa, que todos e cada un dos seus membros sexan capaces de intervir nela de forma activa e comprometida desenvolvendo ó máximo todas as súas potencialidades. Por iso a educación deben estar dirixida a formar persoas competentes para actuar de forma eficaz en todos os ámbitos de desenvolvemento da persoa nas súas dimensións como ser individual, membro da sociedade e da natureza.

Consecuentemente o eixe organizador do currículo no debe ser o dos "saberes" conceptuais, senón as competencias que se precisan para actuar en todas as dimensións do desenvolvemento da persoa (non so nas laborais). Ó resaltar o polo das competencias quérese subliñar que a acción educativa debe orientarse á aplicación do coñecemento en situacións prácticas e en contextos concretos, de tal modo que o saber se converta nun verdadeiro instrumento para a acción.

Desde este enfoque é necesario orientar as aprendizaxes para conseguir que os alumnos e as alumnas desenrolen diversas formas de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas. En particular, o desenvolvemento das competencias clave debe permitir aos estudantes integrar as súas aprendizaxes,

poñéndoos en relación con distintos tipos de contidos, utilizar eses contidos de maneira efectiva cando resulten necesarios e aplicalos en diferentes situacións e contextos.

- Da prioridade da función propedéutica de acceso a estudos superiores á prioridade da función propedéutica para a vida

A introdución no deseño curricular e nos procesos de ensino das competencias en xeral e sobre todo das transversais é un desafío e unha oportunidade para repensar o sentido da educación, incluíndo o período da educación obrigatoria dentro da educación permanente para toda a vida. Cando se mira a educación obrigatoria como un período que ten como función principal a de preparar ó alumnado para que poida iniciar o longo recorrido da vida nas mellores condicións, amplíase o senso que habitualmente se da a este período. Xa non se trata so de prepararse para acceder ó Bacharelato ou a outros estudos superiores, senón de prepararse para ter unha vida individual plena sendo membro reflexivo e activo da sociedade e da natureza. Trátase dun cambio de mirada que induce a pensar nas dimensións e expresións da "vida plena" e consecuentemente a repensar o currículo. ¿Cales son as competencias clave e relevantes que se precisan para estar preparado para a vida ó rematar a educación obrigatoria e para a aprendizaxe o longo da vida?. A resposta a esta cuestión inclúe sen dúbida as competencias para poder continuar os estudos e saber sobrevivir e integrarse no mundo do traballo, pero vai moito máis alá. As implicacións deste enfoque son claras, tanto na selección dos contidos e na avaliación como na metodoloxía de ensino centrada na aprendizaxe do alumno ou alumna.

- Do profesor da "súa" materia ó coeducador

A inclusión das competencias transversais e de contidos metadisciplinares, como referentes comúns a todas as áreas disciplinares, rompe a organización compartamentalizada do currículo por áreas. Desde este enfoque a función do docente non se limita a ensina a "súa" materia, senón que conxuntamente co resto do profesorado é corresponsable para que os alumnos e as alumnas acaden as competencias transversais (por exemplo, aprender a aprender e a pensar, aprender a comunicar, aprender a vivir xuntos, aprender a ser eu mesmo, aprender a facer e a emprender) e aprendan aqueles contidos sobre todo actitudinais e procedimentais comúns a distintas áreas. As consecuencias da aplicación deste planeamento son

indubidables, tanto no que se refire á necesidade de organización e coordinación entre o profesorado, como na necesidade de coordinación para a avaliación do alumnado.

- Da escola separada á conectada en redes

O logro das competencias que se precisan para estar preparado para a vida e para a aprendizaxe ó longo dela é responsabilidade da escola, pero non exclusivamente dela, senón tamén doutros sectores sociais (familia, traballo, medios de comunicación, deporte, saúde, ocio e tempo libre, etc). Este feito planea polo menos dúas cuestións. A primeira ten que ver coa necesaria delimitación de responsabilidades para saber cales son as obrigas de cada sector na aprendizaxe e logro das competencias. A segunda ten que ver coa coordinación entre os sectores implicados e de forma especial coa familia. Todo elo ten consecuencias no modelo de escola e no sistema de avaliación. Precísase dun modelo de escola aberto, disposto a crear sinerxías e a colaborar cos sectores implicados. Por outra parte a implicar, sobre todo ós pais e nais, na aprendizaxe e na avaliación de aquelas competencias de responsabilidade compartida.

- Da perspectiva da aprendizaxe centrada no individuo á que inclúe a interacción e o contexto

Nos planeamentos pedagóxicos é habitual facer referencia ós compoñentes do acto didáctico (docente, discente, contido, metodoloxía e contexto), diferenzando os distintos paradigmas de ensino de acordo co énfase e prioridade que se outorga a algúns compoñentes sobre os demais. Por exemplo, dentro da cultura pedagóxica do construtivismo o alumno convértese no centro dos compoñentes didácticos. No enfoque baseado en competencias o alumno non perde protagonismo, pero o contexto adquire tamén unha importancia relevante, xa que as competencias presupoñen a capacidade para enfrontarse con garantías de éxito a tarefas nun contexto determinado.

A LOMCE e as competencias clave

A importancia das competencias clave no sistema educativo que se debuxa na atenponse de manifesto en diversos apartados nesta lei, citámoslos para que sirvan de marco dos aspectos a traballar posteriormente:

- ✓ Dise no artigo 5.1 que “Todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo co fin de adquirir,

- actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional”.
- ✓ No preámbulo dise que reviste especial interese a inclusión das competencias clave entre os compoñentes do currículo, por canto debe permitir caracterizar de maneira precisa a formación que deben recibir os estudantes. Co fin de asegurar unha formación común e garantir a homologación dos títulos, encoméndase ao Goberno á fixación dos obxectivos, competencias clave, contidos e criterios de avaliación dos aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas, e ás Administracións educativas ao establecemento do currículo das distintas ensinanzas. Ademais faise referencia á posibilidade de establecer currículos mixtos de ensinanzas do sistema educativo español e doutros sistemas educativos, conducentes aos títulos respectivos.
 - ✓ Unha das novidades da Lei consiste na realización dunha avaliación de diagnóstico das competencias clave alcanzadas polo alumnado ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria (art. 21), que terá carácter formativo e orientador, proporcionará información sobre a situación do alumnado, dos centros e do propio sistema educativo e permitirá adoptar as medidas pertinentes para mellorar as posibles deficiencias. Outra avaliación similar levarase a cabo ao finalizar o segundo curso da educación secundaria obrigatoria (art. 29). Para favorecer a transición entre a primaria e a secundaria, o alumnado recibirá un informe personalizado da súa evolución ao finalizar a educación primaria e incorporarse á etapa seguinte.
 - ✓ Di tamén no art. 5.3 “Para garantir o acceso universal e permanente á aprendizaxe, as diferentes administracións públicas identificarán novas competencias e facilitarán a formación requirida para a súa adquisición”.
 - ✓ Así mesmo no art. 5.4 establece que lles corresponde ás administracións públicas promover ofertas de aprendizaxe flexibles que permitan a adquisición de competencias clave e, se é o caso, as correspondentes titulacións, a aqueles mozos e adultos que abandonaron o sistema educativo sen ningunha titulación.

- ✓ Aclarando no art. 6.1 que aos efectos do disposto na Lei, enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias clave, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na LOMCE.
- ✓ Para finalizar diremos que no art. 9.1 establécese tamén que o Estado promoverá programas de cooperación territorial co fin de alcanzar os obxectivos educativos de carácter xeral, reforzar as competencias clave dos estudantes, favorecer o coñecemento e aprecio por parte do alumnado da riqueza cultural e lingüística das distintas comunidades autónomas, así como contribuír á solidariedade interterritorial e ao equilibrio territorial na compensación de desigualdades

As competencias clave na área de matemáticas

O currículo da área de matemáticas, xunto co das demais áreas curriculares da ESO, debe ser o instrumento que concrete, a través da consecución dos seus propios obxectivos, da selección de contidos e da metodoloxía empregada, como se contribuirá á adquisición, por parte do alumnado, dos coñecementos, destrezas e actitudes implícitos naquelas competencias.

As matemáticas na ESO non son só un fin en si mesmo, senón un medio para que o alumnado logre a consecución de competencias ligadas á comunicación lingüística, ao tratamento da información, ao coñecemento e interacción co mundo físico, ao ámbito social, cidadán, cultural e artístico e á autonomía necesaria para actuar con criterio propio e tomar iniciativas, responsablemente, nos diversos aspectos que afecten a súa vida, incluído o campo da aprendizaxe.

Ninguén dubida de que a linguaxe natural, oral e escrita, é un instrumento de aprendizaxe e de comunicación de saberes sen o que dificilmente se progresa. É necesario que todos o alumnado aprenda a verbalizar os conceptos, a facer explícita unha idea, a redactar un escrito ou a expoñer un argumento. Adquirir esta competencia supón aprender lingua cando se usa en situacións e contextos de comunicación diversos.

Un de tales contextos é o que proporciona a área de matemáticas. Pero, ademais, a comunicación lingüística na área de matemáticas ten características propias como son a súa precisión, a súa concisión e a súa falta de ambigüidade, e o dispoñer de símbolos propios e de diferentes rexistros de linguaxe (numérica, alxébrica, gráfica...) que están destinados a conseguir expresar claramente acontecementos presentes na vida cotiá.

Na sociedade actual impóñense outras fontes de información, os medios audiovisuais e as TIC, polo que é necesario que o alumnado adquira as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información para transformala en coñecemento, mantendo en todo momento unha posición crítica. O profesorado non se limitará, polo tanto, a ser a única fonte de información, senón que ten que ensinalo a buscar información relevante nos procesos de ensinanza e de aprendizaxe

Capacitar as alumnas e os alumnos para que se desenvolvan de forma autónoma nun mundo caracterizado polos avances científico-técnicos, require que adquiran as bases do pensamento científico necesarias para poder interpretar o mundo dos obxectos e dos fenómenos cos que convivimos. Esa interpretación precisa da axuda do coñecemento matemático tanto na linguaxe e conceptos que utiliza como nas formas de argumentación e razoamento empregadas para a resolución dos problemas, facendo útiles e prácticos os coñecementos adquiridos.

A historia das civilizacións está aí para recordarnos que os saberes e descubrimentos non entenden de fronteiras. Sociedades que poden estar atravesando por dificultades na actualidade ou mesmo outras que desapareceron foron no seu momento os faros que deron luz ao resto do mundo. A historia das matemáticas está ligada á historia da humanidade e, na parte que lle corresponde, é útil para que poidamos comprender certos acontecementos do pasado e do presente e mesmo predicir os do futuro. A través do estudio das matemáticas, da utilización das ferramentas que nos proporciona, poderemos abordar temas candentes na sociedade actual: movementos migratorios, o papel da muller na sociedade, cuestións relacionadas con distintos tipos de violencia.

A comprensión da realidade social do mundo no que vivimos e o exercicio da cidadanía de maneira democrática son necesarios para a integración dos estudantes da ESO na sociedade. Determinados aspectos destas realidades poden entenderse mellor na

medida en que poidan ser analizados empregando as ferramentas que proporcionan as matemáticas. Para comprender a pluralidade da sociedade española e europea pode cuantificarse a súa composición desde diferentes criterios (xeográficos, económicos, culturais, raciais, etc.) o que devén nun afondamento do coñecemento desa pluralidade. De novo as porcentaxes, a análise de táboas e gráficas e a estatística son os contidos matemáticos máis axeitados para facer estes estudos

Un dos aspectos máis salientables da realidade social son os ámbitos cultural e artístico. Pero non só forman parte da cultura da nosa sociedade as producións literarias, a música, a pintura, ou a arquitectura. A ciencia e, en particular, as matemáticas son unha parte integrante dela. Moitas das creacións culturais da humanidade xamais se terían realizado sen o seu concurso. Abonda lembrar que, hai máis de vinte e cinco séculos, a música e as matemáticas se entrelazaban na escola pitagórica. Múltiples manifestacións da arquitectura, escultura e pintura de diferentes épocas constitúen exemplos nos que se detecta a súa relación directa coas matemáticas. Estas conexións das matemáticas e a música, a arquitectura ou a arte non son cousa exclusiva do pasado. Exemplos actuais de vangarda serían magníficos representantes do que queremos dicir; pénsese, por exemplo, na música estocástica, nas formas en tensión ou na arte fractal.

Por outra banda, os avances no proceso de resolución dun problema, aínda sen ter acadada unha solución, proporcionan unha satisfacción que recompensa o esforzo realizado e redundando na autoestima. Nese proceso de resolución sempre se aprende algo, aínda que sexa vendo o que xa coñeciamos desde outro punto de vista. Pero tamén se poñen en xogo estratexias de aprendizaxe como a formulación de preguntas, o sentimento de curiosidade pola exploración de obxectos e situacións, a observación e rexistro sistemático de feitos e relacións, a integración e relación da nova información con outros datos e coa propia experiencia e coñecementos anteriores, a utilización de técnicas de consulta e a disposición a aceptar diferentes puntos de vista. Pode, polo tanto, considerarse como un proceso de aprendizaxe autónoma que fai que a competencia de aprender a aprender se fortaleza. Pero con esa metodoloxía póñense tamén en xogo destrezas relativas á autonomía e a iniciativa persoal, dado que no proceso de resolución dun problema, en moitas ocasións, é necesario optar con criterio

propio entre varias vías, desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela. Tamén esixe o desenvolvemento de valores persoais tales como a liberdade, a demora da satisfacción, a confianza na propia capacidade para enfrontarse a eles con éxito e adquirir un nivel adecuado de autoestima, que permita gozar dos aspectos creativos, manipulativos, estéticos e utilitarios das matemáticas.

Pondo de relevo, durante a realización das actividades de ensinanza e aprendizaxe na aula, as conexións entre as matemáticas e as demais áreas do currículo e a súa achega á consecución das competencias clave, é máis doado que as matemáticas adquiren significado e relevancia para as alumnas e os alumnos, o que, sen dúbida, redundará nunha mellor comprensión dos seus saberes, nunha maior naturalidade no seu uso en diversos contextos e nunha mellor actitude cara a elas. En definitiva: nunha mellor competencia matemática.

Descrición de cada unha das competencias e como contribúen as Matemáticas a cada unha delas

As competencias clave no ensino están enfocadas a conseguir unha aprendizaxe integradora e orientada á aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións que se lle poidan presentar ó alumnado na súa vida cotiá. Son básicas no senso de que deben ter sido desenroladas ó finalizar esta etapa de ensino obrigatorio para obter unha mellor realización persoal, o cal lle permitirá exercer unha cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e por as bases para ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo da vida.

A inclusión das competencias clave no currículo ten varias finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes incorporadas ás diferentes áreas ou materias
- Por as aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e utilízalos de maneira efectiva cando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.
- Orientar o ensino cara a identificación dos contidos e dos criterios de avaliación que se consideren imprescindibles
- Facer de guía nas distintas decisións relativas ó ensino.

Coas áreas e materias do currículo preténdese que os alumnos e as alumnas acaden os obxectivos educativos e que adquiran as competencias clave. Sen embargo, non podemos asegurar que exista unha relación entre a aprendizaxe de determinadas áreas ou materias e o desenvolvemento de certas competencias., xa que cada unha das áreas contribúe ó desenvolvemento de diferentes competencias e cada unha das competencias clave acadarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

O traballo nas áreas e materias debe complementarse con medidas organizativas e funcionais, mesmo a planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias clave.

No marco da proposta da Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expor, identificáronse oito competencias clave:

- 1 Competencia en comunicación lingüística.
- 2 Competencia matemática.
- 3 Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- 4 Tratamento da información e competencia dixital.
- 5 Competencia social e cidadá.
- 6 Competencia cultural e artística.
- 7 Competencia para aprender a aprender.
- 8 Autonomía e iniciativa persoal.

Recollemos aquí a descrición, finalidade e aspectos distintivos destas competencias e pomos de manifesto, en cada unha delas, o nivel básico que consideramos debe acadar todo o alumnado ó finalizar a educación secundaria obrigatoria.

O currículo da educación secundaria obrigatoria estrutúrase en materias, e nelas teremos que buscar os referentes que permitan o desenvolvemento e adquisición das competencias nesta etapa. Así en cada materia se inclúen referencias explícitas acerca da súa contribución ás competencias clave ás que se orienta en maior medida.

En cada unha delas engádese un apartado coa contribución que as matemáticas poden facer a adquisición da correspondente competencia.

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. En síntese, o desenvolvemento da competencia lingüística ó final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional de, polo menos, una lingua estranxeira.

Contribución das MATEMÁTICAS á competencia:

As Matemáticas contribúen á competencia en comunicación lingüística posta que son un área de expresión que utiliza continuamente a expresión oral e escrita na formulación e expresión das ideas. Por elo, en todo o proceso de ensino e en particular na resolución de problemas, adquire especial importancia a expresión tanto oral como escrita dos procesos realizados e dos razoamentos seguidos, xa que axudan a formalizar o pensamento. Apropia linguaxe matemática é, en si mesma, un vehículo de comunicación de ideas que destaca pola precisión nos seus termos e pola gran capacidade para transmitir conxecturas grazas a un léxico propio de carácter sintético, simbólico e abstracto.

2. Competencia matemática

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ó longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico coma fora del, e favorece a participación efectiva na vida social.

Así mesmo esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención de

información. Estes procesos permiten aplicar esa información a unha maior variedade de situacións e contextos, seguir cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais, e estimar e xulgar a lóxica e validez de argumentacións e informacións. En consecuencia, a competencia matemática supón a habilidade para seguir determinados procesos de pensamento (como a indución e a dedución, entre outros) e aplicar algúns algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica, o que conduce a identificar a validez dos razoamentos e a valorar o grao de certeza asociado ós resultados derivados dos razoamentos válidos.

A competencia matemática implica unha disposición favorable e de progresiva seguridade e confianza cara a información e as situacións (problemas, incógnitas, etc.) que conteñen elementos ou soportes matemáticos, así como cara á utilización cando a situación o aconsella, baseadas no respecto e o gusto pola certeza e na súa busca a través do razoamento.

Esta competencia cobra realidade e sentido na medida que os elementos e razoamentos matemáticos son utilizados para enfrontarse a aquelas situacións cotiáns que os precisan. Por tanto, a identificación de tales situacións, a aplicación de estratexias de resolución de problemas, e a selección das técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible están incluídas nela. En definitiva, a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos tan variados como sexa posible. Por elo, o seu desenvolvemento na educación obrigatoria acadarase na medida en que os coñecementos matemáticos se apliquen de maneira espontánea a una ampla variedade de situacións, provenientes de outros campos de coñecemento e da vida cotiá.

O desenvolvemento da competencia matemática ó final da educación obrigatoria, leva a utilizar espontaneamente -nos ámbitos persoal e social- os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, para resolver problemas provenientes de situacións cotiáns e para tomar decisións.

En definitiva, supón aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio adecuadas, e

integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade.

Contribución das MATEMÁTICAS á competencia:

Pode entenderse que todo o currículo da materia contribúe á adquisición da competencia matemática, posto que a capacidade para utilizar distintas formas de pensamento matemático, con obxecto de interpretar e describir a realidade e actuar sobre ela, forma parte do propio obxecto de aprendizaxe. Todos os bloques de contidos están orientados a aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender una argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas adecuadas e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para obter conclusións, reducir a incerteza e para enfrontarse a situacións cotiáns de diferente grao de complexidade. Convén sinalar que non todas as formas de ensinar matemáticas contribúen por igual á adquisición da competencia matemática: o énfase na funcionalidade das aprendizaxes, a súa utilidade para comprender o mundo que nos rodea ou a mesma selección de estratexias para a resolución dun problema, determinan a posibilidade real de aplicar as matemáticas a diferentes campos de coñecemento ou a distintas situacións da vida cotiá.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais coma nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilita a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. Esta competencia supón o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal; así mesmo, implica a diferenciación e valoración do coñecemento científico ó lado doutras formas de coñecemento, e a utilización de valores e criterios éticos asociados á ciencia e ó desenvolvemento tecnolóxico.

Contribución das MATEMÁTICAS á competencia:

A discriminación de formas, relacións e estruturas xeométricas, especialmente co desenvolvemento da visión espacial e a capacidade para transferir formas e

representacións entre o plano e o espazo, contribúe a afondar na competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. A elaboración de modelos constitúe outro referente nesta mesma dirección xa que esixe identificar e seleccionar as características relevantes dunha situación real, representala simbolicamente e determinar pautas de comportamento, regularidades e invariantes a partir das que poder facer predicións sobre a evolución, a precisión e as limitacións do modelo.

4. Tratamento da información e competencia dixital

Consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. O dominio desta competencia supón ser una persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ó seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Contribución das MATEMÁTICAS á competencia:

A incorporación de ferramentas tecnolóxicas como recurso didáctico para a aprendizaxe e para a resolución de problemas contribúe a mellorar a competencia no tratamento da información e competencia dixital dos estudantes, do mesmo xeito que a utilización das linguaxes gráfica e estatística axuda a interpretar mellor a realidade expresada polos medios de comunicación. Non menos importante resulta a interacción entre os distintos tipos de linguaxe: natural, numérico, gráfico, xeométrico e alxébrico como forma de ligar o tratamento da información coa experiencia dos alumnos e alumnas.

5. Competencia social e cidadá

Esta competencia permite comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. O exercicio da cidadanía significa construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercitar os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos, e defender os dereitos dos demais.

Contribución das MATEMÁTICAS á competencia:

Esta materia contribúe á competencia social e cidadá coa súa utilización na descrición de fenómenos sociais. As matemáticas, fundamentalmente a través do análise funcional e da estatística, aportan criterios científicos para predicir e tomar decisións. Contribúen a esta competencia enfocando os erros cometidos nos procesos de resolución de problemas con espírito construtivo, o que permite valorar os puntos de vista alleos nun plano de igualdade cos propios como formas alternativas de abordar unha situación.

6. Competencia cultural e artística

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos. O conxunto de destrezas que configuran esta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e gozar coa arte e outras manifestacións culturais, coma a aquelas relacionadas co emprego de algúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais e artísticas, a aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo, unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións artísticas e culturais, o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora, e un interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade, como doutras comunidades.

Contribución de las MATEMÁTICAS a la competencia:

As matemáticas contribúen a esta porque o mesmo coñecemento matemático é expresión universal da cultura, sendo, en particular, a xeometría parte integral da expresión artística da humanidade ó ofrecer medios para describir e comprender o mundo que nos rodea e apreciar a beleza das estruturas que creou. Cultivar a sensibilidade e a creatividade, o pensamento diverxente, a autonomía e o apaixonamento estético son obxectivos desta materia.

7. Competencia para aprender a aprender

Supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo ós propios

obxectivos e necesidades. Esta competencia implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico, coma a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal se desenrola a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

8. Autonomía e iniciativa persoal

Refírese por unha parte á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, coma a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos. Por outra parte, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais no marco de proxectos individuais ou colectivos responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal, coma social e laboral.

Contribución das MATEMÁTICAS á competencia:

Os propios procesos de resolución de problemas contribúen de forma especial a fomentar a autonomía e iniciativa persoal porque se utilizan para planificar estratexias, asumir retos e contribúen a convivir coa incerteza controlando ó mesmo tempo os procesos de toma de decisións. Tamén as técnicas heurísticas que desenrola constitúen modelos xerais de tratamento da información e de razoamento e consolida a adquisición de destrezas involucradas na competencia de aprender a aprender tales como a autonomía, a perseveranza, a sistematización, a reflexión crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

AS MATEMÁTICAS NO DECRETO 86/2015

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de “Competencia matemática” e “Competencias clave en ciencia e tecnoloxía”. Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguido por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida

desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

PROGRAMACIÓN DE AULA: ESO

Concreción dos obxectivos para o curso.

Obxectivos xerais

Dende as materias de matemáticas de 1º ESO, matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas e matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas colaboraremos para acadar a consecución dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria citados no *decreto 86/2015, do 25 de xuño*. Así contribuiremos a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática (recollidos no Plan de Convivencia do centro).
- b Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal (recollidos no Proxecto Educativo e no Plan de Convivencia do centro).
- c Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller (recollidos no Plan de Convivencia e o Plan de Orientación e Acción Titorial do centro).
- d Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos (segundo o proposto no Plan de Convivencia).
- e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación

- básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación (Plan das TICS e Programacións Didácticas do noso centro).
- f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia (traballar nos contidos transversais das distintas materias ao longo do curso).
 - g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades (Plan de Orientación e Acción Titorial do centro).
 - h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura (Proxecto Lingüístico e Plan Lector do centro).
 - i Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada (Proxecto de plurilingüismo do centro).
 - l Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo (traballar a través dos contidos transversais ao longo do curso nas distintas materias).
 - m Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social (Programacións Didácticas do centro e Plan de Orientación e Acción Titorial).
 - n Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora (Plan de Orientación e Acción Titorial do centro).

- o Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación (seguindo o Plan das TICS do centro).
- p Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia (traballado nos contidos transversais de cada Programación Didáctica), participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- q Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona (Proxecto Lingüístico e de Plurilingüismo do centro).

No que sigue imos concretar

- Contidos
- Criterios de avaliación
- Estándares de aprendizaxe, indicando para cada estándar
 - Cando se logra...
 - Cando non...
 - Se se considera Fundamental (Fun). Neste caso deberá superar a avaliación do estándar con, polo menos os $2/3$ de cada un deles.
 - Cal é o seu peso na avaliación
 - Cal é en cada caso o instrumento de avaliación
 - Cando consta so "Obser." Quere dicir que so se avaliará de xeito observable no desenvolvemento das aulas
 - Cando consta "Obser." e "P.E." significará que a avaliación dese estándar farase mediante observación nas aulas e mediante proba escrita.

Matemáticas. 2º de ESO							
Ob. X. Ref.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Logrado se...	Fun..	Peso - Avalia	Inst. Av
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas							
f h	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de expresar e razoara os procesos de resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> SI 	<ul style="list-style-type: none"> 2 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser. P. E.
e f h	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de analizar os enunciados 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de valorar a información en relación cas posibles solucións 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de estimar ou elaborar conxecturas 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de elixir técnicas adecuadas 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
b e f g h	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de identificar patróns e regularidades 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de estimar 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
b e f	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> Afonda de forma reflexiva na solución dos problemas en ningún caso 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de formular novos problemas e relacionalos ca realidade 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 1 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser.
b f h	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de expor e argumentar utilizando as diferentes linguaxes 	<ul style="list-style-type: none"> SI 	<ul style="list-style-type: none"> 2 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser. P. E.
a b c	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> É quen de identificar situacións problemáticas 	<ul style="list-style-type: none"> SI 	<ul style="list-style-type: none"> 2 % 	<ul style="list-style-type: none"> Obser. P. E.

Matemáticas. 2º de ESO							
Ob. X. Ref.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Logrado se...	Fun..	Peso - Avalia	Inst. Av
d e f g		probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. 	É quen de relacionar os mundos real e matemático	■	■ 1 %	■ Obser.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. 	É quen de usar modelos matemáticos	■	■ 1 %	■ Obser.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	É quen de interpretar as solucións	■ SI	■ 2 %	■ Obser. ■ P. E.
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	Non ten dificultades na simulación nin proposición de melloras	■	■ 1 %	■ Obser.
e f g	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. 	É quen de reflexionar sobre o proceso	■	■ 1 %	■ Obser.
Cualificación e temporalización na materia Matemáticas 2º ESO

A avaliación ao longo do curso farase empregando tarefas e controis. As tarefas terán un peso na cualificación final dun 20%, e os controis terán un peso dun 80%.

Dentro das tarefas de clase consideraranse as actividades de clase/aula (10%), o control do caderno (40%) e as actividades enviadas para facer na casa (50%).

Sobre os controis, faranse ao menos dous por trimestre e abranguerán unha ou dúas unidades como máximo.

A cualificación final de cada trimestre obterase como:

$$\text{Nota trimestre } (T_i) = 0,2 \cdot \text{Tareas} + 0,8 \cdot \text{Controis}$$

Avaliación final

A cualificación final do alumnado obterase facendo a media aritmética das tres avaliacións parciais.

$$\text{Nota final} = \frac{T_1 + T_2 + T_3}{3}$$

onde T_i é a cualificación obtida polo alumno en cada trimestre (avaliación parcial).

Recuperacións

Para aquel alumnado que o precise, faranse unha serie de recuperacións da seguinte maneira:

- Recuperación procesual: se un alumno non acadara unha cualificación igual ou superior a cinco puntos nalgún trimestre, faráselle un control de recuperación ao comezo do seguinte. Este control terá materia do trimestre non superado.
- Recuperación final: unha vez finalizados os controis da terceira avaliación, o alumnado que non acadara unha puntuación igual ou superior a cinco puntos nalguna das tres avaliacións parciais deberá facer un control de recuperación

dos contidos propios das avaliacións non superadas. Farase, de ser posible, na semana do vinte e vinte e un de xuño.

A data destes controis será establecida polo docente e comunicada ao alumando.

Materia pendente

O alumnado que estea cursando 2º de ESO e non teña aprobada a materia de matemáticas de 1ª de ESO, deberá recuperala durante o presente curso. Para iso, en cada trimestre haberá unha avaliación parcial, procedéndose como sigue:

- Fichas (10%): o profesor entregarlle ao alumnado unha serie de fichas a realizar por eles/as, e a entregar nunha data establecida. Esta data figurará na propia ficha. A entrega destas fichas será condición necesaria para poder optar á realización do control.
- Control (90%): farase un control sobre a materia pendente. As preguntas deste obteranse directamente das fichas entregadas, ou serán moi semellantes ás que estas conteñan.

A cualificación trimestral da materia pendente obterase como segue:

Nota trimestre = 0,1 · Tarefas + 0,9 · Controis

A cualificación final da materia pendente obterase como a media aritmética das cualificacións obtidas ao longo do curso nos tres trimestres.

$$\text{Nota materia pendente} = \frac{T_1 + T_2 + T_3}{3}$$

Distribución dos temas

UNIDADE DIDÁCTICA	BLOQUE CONTIDOS	TEMP. APROXIMADA
1. Números enteiros.	ARITMÉTICA	1º TRIMESTRE
2. Fraccións. Potencias e Raíces.		
3. Números decimais.		
4. Proporcionalidade.		
5. Expresións alxébricas. Polinomios. Operacións.	ÁLXEBRA	2º TRIMESTRE
6. Ecuacións de 1º grao.		
7. Sistemas de dúas ecuacións con dúas incógnitas.		
8. Estatística e Probabilidade.	PROBABILIDADE E ESTATÍSTICA	
9. Funcións. Interpretación gráfica.	ANÁLISE	3º TRIMESTRE
10. Semellanza. Teorema de Pitágoras. Figuras planas. Áreas	XEOMETRÍA	
11. Corpos xeométricos		

Cualificación e temporalización na materia Matemáticas Orientadas ás ensinanzas académicas 4º ESO

Avaliación inicial

Por motivos de calendario e a propia natureza da materia, o profesorado desta materia decidiu empregar o primeiro control que se faga como avaliación inicial.

Avaliación procesual

A avaliación ao longo do curso farase empregando tarefas e controis. As tarefas terán un peso na cualificación final dun 20%, e os controis terán un peso dun 80%.

Dentro das tarefas de clase consideraranse as actividades de clase/aula (10%), o control do caderno (40%) e as actividades enviadas para facer na casa (50%).

Sobre os controis, faranse a lo menos dous por trimestre.

A cualificación final de cada trimestre obterase como:

$$\text{Nota trimestre} = 0,2 \cdot \text{Tareas} + 0,8 \cdot \text{Controis}$$

Avaliación final

A cualificación final que o alumnado terá obterase facendo a media aritmética dos tres trimestres.

$$\text{Nota final} = \frac{T_1 + T_2 + T_3}{3}$$

onde T_i é a cualificación obtida polo alumno en cada trimestre.

Recuperacións

Para o alumno que o precise, faranse unha serie de recuperacións da seguinte maneira:

- Recuperación procesual: se un alumno non acada unha cualificación igual ou superior a cinco puntos nalgún trimestre, faráselle un control de recuperación ao comezo do seguinte. Os contidos deste control serán os traballados na materia do trimestre non superado

- Recuperación final: unha vez finalizados os controis da terceira avaliación, o alumnado que non acadase unha puntuación igual ou superior a cinco puntos nalgunha das tres avaliacións parciais deberá facer un control de recuperación dos contidos propios das avaliacións non superadas.

Farase, de ser posible, na semana do vinte e vinte e un de xuño.

A data deste control estableceráa os docentes e comunicaráselle ao alumnado.

Materia pendiente

O alumnado que teña pendiente a materia de matemáticas de terceiro curso da ESO, ou dalgún curso inferior, deberá recuperala do seguinte xeito.

O profesorado da materia de 4º de ESO fará un seguimento deste alumnado coa materia pendiente de 3º e realizará tres avaliacións parciais cos seguintes elementos:

- Fichas (10%): o profesor entregarlle ao alumnado unha serie de fichas a realizar por eles/as, e a entregar nunha data establecida. Esta data aparecerá na propia ficha. A entrega destas fichas será condición necesaria para poder optar á realización do control.
- Control (90%): farase un control sobre a materia pendiente. As preguntas deste obteranse directamente das fichas entregadas, ou serán moi semellantes ás que estas conteñan.

A cualificación trimestral da materia pendiente obterase como sigue:

Nota trimestre = 0,1 · Fichas + 0,9 · Control

A cualificación final da materia pendiente obterase como a media aritmética das cualificacións obtidas ao longo do curso nos trimestres.

$$\text{Nota final} = \frac{T_1 + T_2 + T_3}{3}$$

Distribución dos temas

UNIDADE DIDÁCTICA	BLOQUE CONTIDOS	TEMP. APROXIMADA
1. Números racionais e reais. Potencias e radicais.	ARITMÉTICA	1º TRIMESTRE
2. Polinomios.	ÁLXEBRA	
3. Ecuacións e sistemas. Problemas.		2º TRIMESTRE
4. Inecuacións.		
5. Semellanza e trigonometría.	XEOMETRÍA	3º TRIMESTRE
6. Resolución de triángulos.		
7. Xeometría analítica plana.		
8. Funcións.	ANÁLISE	
9. Estatística e probabilidade.	PROBABILIDADE E ESTATÍSTICA	

Cualificación e temporalización na materia Matemáticas Orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO

Cualificación

Probas escritas: Haberá un mínimo de dúas probas escritas por avaliación cun peso total do 70% na mesma.

- Controis: Faranse por unidades didácticas, podendo abarcar unha ou dúas unidades cada control.

Traballo, caderno, participación na aula... 30%

- Realización de los traballos e tarefas propostas para casa. As tarefas deben ser entregadas en data.
- Realización de tarefas e participación na aula.
- Caderno
- Tarefas online

Requisitos a ter en conta:

- Criterios de cualificación para as probas escritas:
 - Os erros graves de concepto eliminan a pregunta.
 - Os exames realízanse a bolígrafo, de no ser así non se corruxirán.
 - Todos os exercicios do exame deben contar cun procedemento, se non figura dito procedemento non se terá en conta o resultado.
 - Cando o resultado de calquera exercicio sexa una fracción, é obrigatorio simplificala sempre.
- Criterios de cualificación para traballos, cadernos , participación...
 - O caderno debe ter a data, as explicacións de clase, os exercicios resoltos e corruxidos e debe ser claro e ordenado.
 - As tarefas deben entregarse completas e en data.

- O traballo diario observarase de forma directa pola docente a través de preguntas, postas en común de contidos, resolución de tarefas no encerado...
- Farase un seguimento das tarefas por parte da docente, tanto das que se realizan na aula como das tarefas para casa.

Nota final de la materia

Calcularase facendo a media aritmética entre las tres avaliacións. Para aprobar a materia, a nota media debe que ser igual ou superior a cinco. O redondeo basearase no traballo realizado e na actitude do estudante para coa materia. De resultar balance positivo, aproximarase por exceso e, do contrario, aproximarase por defecto.

Recuperacións e exame final

No caso de non aprobar a 1ª ou a 2ª avaliación, haberá un exame de recuperación ao comezo da avaliación seguinte. Se a avaliación non superada é a 3ª avaliación, o alumnado fará a recuperación no exame final.

O exame final so terá que facelo aquel alumnado con avaliacións suspensas.

Temporalización

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de forma transversal e simultánea ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia.

1º trimestre

1. Números reais
2. Proporcionalidade
3. Polinomios

2º trimestre

4. Ecuacións
5. Sistemas de ecuacións
6. Funcións
7. Modelos de funcións

3º trimestre

8. Estatística
9. Probabilidade
10. Semellanza
11. Áreas e volumes

Cualificación e temporalización na materia de Matemáticas II (2º Bacharelato)Distribución dos temas

1. Matrices e determinantes
2. Sistemas de ecuacións lineares
3. Xeometría no espazo
4. Posicións relativas

*Os catro primeiros exames realizaranse antes do 1 de decembro

5. Métrica
6. Funcións. Límites e continuidade
7. Derivadas
8. Aplicacións das derivadas

*Os exames correspondentes aos temas do 5 ao 8 realizaranse antes do 18 de marzo

9. A integral
10. Métodos de integración
11. Probabilidade
12. Variables aleatorias: a binomial e a normal

EXAME FINAL: MEDIADOS de MAIO

Procedemento de cualificación

Ao finalizar cada tema realizarase un exame dese tema.

A partir do tema 7 comezaremos a repasar os seis primeiros temas: xunto co tema 7 entrarán os contidos do tema 1; co tema 8, os do tema 2, e así sucesivamente.

- Para calcular a nota final do curso (ou das avaliacións) teremos en conta que a partir do tema 7 a nota dos exames vai valer o dobre da nota de cada un dos 6 primeiros temas. Así para obter a nota final hai que facer o seguinte cálculo:

Se x_i é a nota do exame i :

$$\text{nota final} = \frac{x_1 + x_2 + x_3 + x_4 + x_5 + x_6 + 2x_7 + 2x_8 + 2x_9 + 2x_{10} + 2x_{11} + 2x_{12}}{18}$$

En todas as avaliacións o peso dos exames na cualificación será do 100%

Na convocatoria extraordinaria o alumnado que non acadara os obxectivos mínimos do curso terá a opción de facer unha única proba escrita de recuperación global cos contidos de todo o curso. Será cualificado unicamente tendo en conta a nota obtida neste exame.

Nas tres avaliacións:

A nota calcularase como a media ponderada, calculada segundo a fórmula indicada, de todos os exames realizados ata o momento da avaliación

Cualificación e temporalización na materia de Matemáticas Aplicadas ás CC SS II (2º Bacharelato)

Distribución dos temas

1. Matrices
2. Determinantes
3. Sistemas de ecuacións lineares
4. Programación linear

*Os catro primeiros exames realizaranse antes do 1 de decembro

5. Funcións. Límites. Continuidade
6. Derivadas
7. Aplicacións das derivadas
8. Integración

*Os exames correspondentes aos temas do 5 ao 8 realizaranse antes do 18 de marzo

9. Probabilidade
10. Variables aleatorias: a binomial
11. Variables aleatorias: a normal
12. Mostraxe. Inferencia

EXAME FINAL: MEDIADOS de MAIO

Procedemento de cualificación

Ao finalizar cada tema realizarase un exame dese tema.

A partir do tema 7 comezaremos a repasar os seis primeiros temas: xunto co tema 7 entrarán os contidos do tema 1; co tema 8, os do tema 2, e así sucesivamente.

- Para calcular a nota final do curso (ou das avaliacións) teremos en conta que a partir do tema 7 a nota dos exames vai valer o dobre da nota de cada un dos 6 primeiros temas. Así para obter a nota final hai que facer o seguinte cálculo:

- Se x_i é a nota do exame i:

$$nota\ final = \frac{x_1 + x_2 + x_3 + x_4 + x_5 + x_6 + 2x_7 + 2x_8 + 2x_9 + 2x_{10} + 2x_{11} + 2x_{12}}{18}$$

En todas as avaliacións o peso da cualificación dos exames será o 100% da cualificación da avaliación.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado que non acadara os obxectivos mínimos do curso terá a opción de facer unha única proba escrita de recuperación global cos contidos de todo o curso. Será cualificado unicamente tendo en conta a nota obtida neste exame.

Nas tres avaliacións:

A nota calcularase como a media ponderada, calculada segundo a fórmula indicada, de todos os exames realizados ata o momento da avaliación

Cualificación e temporalización da materia de Matemáticas II
(2º Bacharelato - Semipresencial)

CONTIDOS

- 1 Matrices. Determinantes.
- 2 Sistemas de ecuacións lineais
- 3 Xeometría no espazo.
- 4 Posicións relativas.
- 5 Propiedades métricas.
- 6 Funcións. Límites. Continuidade.
- 7 Derivadas.
- 8 Aplicación das derivadas. Representación gráfica.
- 9 Integrais indefinidas.
- 10 Integrais definidas.
- 11 Probabilidade.
- 12 Distribucións de probabilidades.

TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN
1. BLOQUE DE ÁLXEBRA
Matrices, determinantes e sistemas de ecuacións.
EXAME BLOQUE DE ÁLXEBRA: PRIMEIROS DE NOVENBRO
2.1. BLOQUE XEOMETRÍA
Xeometría no espazo, posicións relativas.
EXAME DE AVALIACIÓN: FINAIS DE NOVENBRO
2ª AVALIACIÓN
2.2. BLOQUE XEOMETRÍA (II)
Propiedades métricas
3.1. BLOQUE DE ANÁLISE (I)
Funcións, límites, continuidade e derivadas
EXAME BLOQUES 2.2 e 3.1: FINAIS DE XANEIRO
3.2. BLOQUE DE ANÁLISE (II)
Aplicacións das derivadas e representación gráfica.
EXAME DE AVALIACIÓN: PRIMEIROS DE MARZO
3ª AVALIACIÓN

3.3. BLOQUE DE ANÁLISE (III)
Integrais indefinidas e definidas
EXAME BLOQUE 3.3: PRIMEIROS DE ABRIL
4. BLOQUE DE ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE
Probabilidade e distribucións de probabilidade.
EXAME BLOQUE 4: FINAIS DE ABRIL
EXAME FINAL: MEDIADOS DE MAIO

CUALIFICACIÓN

A nota final da materia calcularase como:

$$\text{NOTA FINAL: } 0,25 \cdot \text{NOTA } 1^{\text{a}} \text{ AV} + 0,25 \cdot \text{NOTA } 2^{\text{a}} \text{ AV} + 0,25 \cdot \text{NOTA } 3^{\text{a}} \text{ AV} + 0,25 \cdot \text{NOTA EXAME FINAL}$$

1ª AVALIACIÓN: ÁLXEBRA E XEOMETRÍA

Faranse dous exames. A materia do primeiro exame volve entrar no segundo exame (o exame de avaliación), pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame teñan unha nota superior ou igual a 6,5 quedan exentos de examinarse da materia do primeiro exame, a menos que o desexen facer de xeito voluntario.

A nota da avaliación obtense facendo a media ponderada dos dous exames, o segundo exame, o de avaliación, ten peso dobre, e ao mesmo tempo servirá de recuperación da materia do primeiro exame. Exceptuando para aqueles que non tiveron que presentarse a toda a materia no exame de avaliación, é dicir, aquelas persoas con máis dun 6.5 no primeiro exame, nese caso ambos exames terán o mesmo peso.

2ª AVALIACIÓN: XEOMETRÍA E ANÁLISE DE FUNCIONS

Faranse dous exames. A materia do primeiro exame volve entrar no segundo exame (o exame de avaliación), pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame teñan unha

nota superior ou igual a 6,5 quedan exentos de examinarse da materia do primeiro exame, a menos que o desexen facer de xeito voluntario.

A nota da avaliación obtense facendo a media ponderada dos dous exames, o segundo exame, o de avaliación, ten peso dobre, e ao mesmo tempo servirá de recuperación da materia do primeiro exame. Exceptuando para aqueles que non tiveron que presentarse a toda a materia no exame de avaliación, é dicir, aquelas persoas con máis dun 6.5 no primeiro exame, nese caso ambos exames terán o mesmo peso.

3ª AVALIACIÓN : ANÁLISE DE FUNCÍONS E ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

Faranse dous exames. A materia do primeiro exame volve entrar no segundo exame (o exame de avaliación), pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame teñan unha nota superior ou igual a 6,5 quedan exentos de examinarse da materia do primeiro exame, a menos que o desexen facer de xeito voluntario.

A nota da avaliación obtense facendo a media ponderada dos dous exames, o segundo exame, o de avaliación, ten peso dobre, e ao mesmo tempo servirá de recuperación da materia do primeiro exame. Exceptuando para aqueles que non tiveron que presentarse a toda a materia no exame de avaliación, é dicir, aquelas persoas con máis dun 6.5 no primeiro exame, nese caso ambos exames terán o mesmo peso.

En todas as avaliacións:

- Os exames contarán un 90%.
- O outro 10% obterase do traballo desenvolvido na aula durante o período correspondente. Incluindo a correcta realización dos exercicios propostos, a entrega das tarefas adecuadamente resoltas propostas en cada avaliación, e a participación activa nas clases de titoría presencial. Estas actividades serán propostas ó alumnado, a través da aula virtual do centro e deberán ser entregadas por eles, nos prazos previstos e no formato indicado en cada caso.

EXAME FINAL

Terá dúas partes:

- 1.- Exercicios de recuperación das avaliacións suspensas só para o alumnado que estea nesta situación.
- 2.- Exame similar ao das probas de acceso, con dúas opcións a escoller unha e que terán que facer todos os alumnos e alumnas e que valerá un 20% da nota total do curso.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria, deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada.

Na avaliación extraordinaria serán cualificados unicamente tendo en conta a nota obtida neste exame e para superar a materia é necesario obter nesta proba unha nota igual ou superior a 5.

Cualificación e temporalización da materia de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (2º Bacharelato - Semipresencial)

CONTIDOS

1. Matrices.
2. Determinantes.
3. Sistemas de ecuacións lineais.
4. Programación linear.
5. Funcións. Límites. Continuidade.
6. Derivadas.
7. Aplicacións das derivadas.
8. Integración.
9. Probabilidade.
10. Variables aleatorias: a binomial.
11. Variables aleatorias: a normal.
12. Mostraxe. Inferencia.

TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN
1. BLOQUE DE ÁLXEBA I
Matrices e determinantes.
EXAME BLOQUE DE ÁLXEBA I: PRINCIPIOS DE NOVEMBRO
2. BLOQUE DE ÁLXEBA II
Sistemas de ecuacións lineais e programación linear.
EXAME BLOQUE DE ÁLXEBA II: FINAIS DE NOVEMBRO
3.1. BLOQUE DE ANÁLISE (I)
Funcións e derivadas.
EXAME DE ANÁLISE I: PRIMEIROS DE FEBREIRO
2ª AVALIACIÓN
3.2 BLOQUE DE ANÁLISE (II)
Aplicación das derivadas e integración.
EXAME DE ANÁLISE II: PRIMEIROS DE MARZO
4.1 BLOQUE DE ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE (I)
Probabilidade e distribucións de probabilidade (1ª parte)

EXAME DO BLOQUE 4.1: PRIMEIROS DE ABRIL
4.2 BLOQUE DE ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE (II)
Distribucións de probabilidade (2ª parte) e inferencia estatística
EXAME BLOQUE 4.2: PRIMEIROS DE MAIO
EXAME FINAL: MEDIADOS DE MAIO

CUALIFICACIÓN

A nota final da materia calcularase como:

NOTA FINAL: $0,25 \cdot \text{NOTA } 1^{\text{a}} \text{ AV} + 0,25 \cdot \text{NOTA } 2^{\text{a}} \text{ AV} + 0,25 \cdot \text{NOTA } 3^{\text{a}} \text{ AV} + 0,25 \cdot \text{NOTA EXAME FINAL}$

1ª AVALIACIÓN: NÚMEROS E ÁLXEBRA

Faranse dous exames. A materia do primeiro exame volve entrar no segundo exame (o exame de avaliación), pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame teñan unha nota superior ou igual a 6,5 quedan exentos de examinarse da materia do primeiro exame, a menos que o desexen facer de xeito voluntario.

A nota da avaliación obtense facendo a media ponderada dos dous exames, o segundo exame, o de avaliación, ten peso dobre, e ao mesmo tempo servirá de recuperación da materia do primeiro exame. Exceptuando para aqueles que non tiveron que presentarse a toda a materia no exame de avaliación, é dicir, aquelas persoas con máis dun 6.5 no primeiro exame, nese caso ambos exames terán o mesmo peso.

2ª AVALIACIÓN: ANÁLISE

Faranse dous exames. A materia do primeiro exame volve entrar no segundo exame (o exame de avaliación), pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame teñan unha nota superior ou igual a 6,5 quedan exentos de examinarse da materia do primeiro exame, a menos que o desexen facer de xeito voluntario.

A nota da avaliación obtense facendo a media ponderada dos dous exames, o segundo exame, o de avaliación, ten peso dobre, e ao mesmo tempo servirá de recuperación da materia do primeiro exame. Exceptuando para aqueles que non tiveron que presentarse a toda a materia no exame de avaliación, é dicir, aquelas persoas con máis dun 6.5 no primeiro exame, nese caso ambos exames terán o mesmo peso.

3ª AVALIACIÓN : ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

Faranse dous exames. A materia do primeiro exame volve entrar no segundo exame (o exame de avaliación), pero os alumnos e alumnas que no primeiro exame teñan unha nota superior ou igual a 6,5 quedan exentos de examinarse da materia do primeiro exame, a menos que o desexen facer de xeito voluntario.

A nota da avaliación obtense facendo a media ponderada dos dous exames, o segundo exame, o de avaliación, ten peso dobre, e ao mesmo tempo servirá de recuperación da materia do primeiro exame. Exceptuando para aqueles que non tiveron que presentarse a toda a materia no exame de avaliación, é dicir, aquelas persoas con máis dun 6.5 no primeiro exame, nese caso ambos exames terán o mesmo peso.

En todas as avaliacións:

- Os exames contarán un 90%.
- O outro 10% obterase do traballo desenvolvido na aula durante o período correspondente. Incluindo a correcta realización dos exercicios propostos, a entrega das tarefas adecuadamente resoltas propostas en cada avaliación, e a participación activa nas clases de titoría presencial. Estas actividades serán propostas ó alumnado, a través da aula virtual do centro e deberán ser entregadas por eles, nos prazos previstos e no formato indicado en cada caso.

EXAME FINAL

Terá dúas partes:

1.- Exercicios de recuperación das avaliacións suspensas só para o alumnado que estea nesta situación.

2.- Exame similar ao das probas de acceso, con dúas opcións a escoller unha e que terán que facer todos os alumnos e alumnas e que valerá un 20% da nota total do curso.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 na sesión de avaliación ordinaria, deberá facer unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación parcial superada.

Na avaliación extraordinaria serán cualificados unicamente tendo en conta a nota obtida neste exame e para superar a materia é necesario obter nesta proba unha nota igual ou superior a 5.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dende o departamento de matemáticas contemplamos a posibilidade de realizar, organizar ou participar nas seguintes actividades.

- ✓ Concursos: Canguro matemático, rally matemático, olimpíada matemática, incubadora de sondaxes, ...
- ✓ Semana da ciencia.
- ✓ Día da ciencia en galego
- ✓ Día da muller e a ciencia
- ✓ Excursións, exposicións e talleres que poidan xurdir a longo do curso académico.
- ✓ Actividades propostas por outros departamentos.

A realización destas actividades estará sempre condicionada polas circunstancias do presente curso e o protocolo de actuación ante a COVID19 do centro.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias clave e dos obxectivos da etapa e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos. En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, deberanse por en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes, tendo en conta as posibilidades que nos ofrezca o centro e o departamento de orientación, entre as seguintes:

Reforzo educativo: proporanse actividades de reforzo para aqueles alumnos con dificultades para que así acaden os obxectivos mínimos, sen necesidade de adaptar o currículo.

Actividades de ampliación: proporcionaranse actividades que impliquen maior dificultade que as realizadas na aula, para aqueles alumnos que alcancen os obxectivos propostos co fin de manter a súa motivación e interese na materia.

Agrupamentos flexibles: poderán facerse modificacións nos grupos ordinarios para homoxeneizar o grupo en diferentes actividades e así poder usar distintas metodoloxías.

Apoio en grupos ordinarios ou apoio ocasional fóra do grupo ordinario: medida realizada polos integrantes do departamento de orientación, apoiando ao profesor dentro e fóra da aula, dirixida a alumnos con algunha materia adaptada, principalmente.

Adaptacións curriculares non significativas: son as adaptacións que non afectan ao currículo e concrépanse naqueles cambios que o profesorado introduce de maneira habitual no proceso de ensinanza. Poden referirse a cambios metodolóxicos ou a deseño especial de actividades. Aplicaranse este tipo de actividades cando o profesor ou profesora da materia así o considere oportuno.

Alumnado con necesidades educativas específicas: enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta. No caso de realizar adaptacións curriculares significativas, é dicir, adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e estándares de aprendizaxe do currículo, estas estarán precedidas en todo caso dunha avaliación por parte do departamento de orientación e realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias clave de acordo coas posibilidades do alumno; a avaliación tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS

A avaliación inicial ten por obxecto caracterizar o mellor posible as condicións nas que se encontra o alumnado ao comezo do proceso de ensino – aprendizaxe. Esta avaliación deberá realizarse ao comezo deste proceso, para así poder verificar a adecuación do mesmo ás características e necesidades educativas do alumnado e realizar as melloras adecuadas na labor docente, con un carácter continuo e formativo. O deseño da avaliación inicial debe comprender: os coñecementos previos, as características e circunstancias persoais, as aptitudes e a actitude.

Propoñemos a realización de probas escritas que partan dos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso ou etapa anterior, a observación exhaustiva do traballo do alumno na aula durante as primeiras semanas do curso e a análise dalgunha

producción do alumno. Para complementar a información obtida cos procedementos anteriores teremos en conta aspectos do alumnado, tales como: o historial académico de cada alumno, o entorno familiar, social e cultural, os seus intereses e motivacións, os seus estilos de aprendizaxe, as habilidades sociais que son capaces de desenvolver os seus hábitos de traballo e estudo, os seus tempos de ocio, etc

Os procedementos a utilizar nesta avaliación serán preguntas e cuestións orais ou ben exercicios escritos específicos e documentos de recollida de información

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Cada profesor farase cargo dos alumnos aos que lle imparta clase facendo o seguimento da(s) materia(s) pendente de Matemáticas que teña.

No apartado de cualificación e temporalización de cada materia figuran as características particulares do procedemento de recuperación do alumnado con materia pendente que esta a cursar dita materia.

Nos casos onde esta especificación non exista, adoptarase o criterio xeral do departamento:

Para poder recuperar a materia de Matemáticas pendente do curso anterior, establécense TRES sistemas:

- A. Realización de boletíns de exercicios e tres exames parciais extraordinarios (NOVEMBRO, FEBREIRO e ABRIL)**
- B. Un só exame final (MAIO)**
- C. Un exame final (XUÑO)**

A. Para recuperar a materia por parciais, farase do seguinte xeito:

- 1 A materia dividirase en 3 partes.
- 2 A principio de curso entregaráselle ao alumnado un boletín de exercicios e problemas correspondentes á 1ª parte, a mediados de novembro entregarase a 2ª parte e a finais de xaneiro a 3ª parte.
- 3 O profesor que lle imparte clase de matemáticas fará o seguimento do alumnado con materias de matemáticas pendentes de cursos anteriores.
- 4 A mediados de novembro realizarase un exame da materia correspondente á 1ª parte. No mes de febreiro será o exame da 2ª parte e en abril será o exame da 3ª parte. Tendo en conta que:
 - 4.a Os exercicios que se preguntarán nos exames serán na súa maioría dos que se propuxeron no boletín ou similares.
 - 4.b Para poder realizar cada un dos exames é condición indispensable entregar previamente os exercicios propostos convenientemente resoltos.

Valorarase a realización dos exercicios propostos cun peso do 10% da nota.

4.c Considerarase recuperada a materia no caso de obter cualificación positiva nas tres partes. A cualificación obterase como a media aritmética das tres avaliacións parciais.

B. Durante o mes de maio a Xefatura de Estudos fixará unha data para realizar unha única proba final de toda a materia pendente.

Nesa data examinaranse aquel alumnado que non fixo algunha probas recollidas no apartado anterior e aqueles que suspenderan algunha desas partes (só se examinarán da parte suspensa). A cualificación farase segundo o punto 4.c do apartado anterior.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Co obxectivo de proporcionar unha educación de calidade, avaliaremos os procesos de ensino e as prácticas docentes desenvoltas ó longo do curso. Para iso, valerémonos de diferentes indicadores de logro, deseñados de forma que nos proporcionen unha visión detallada e integral.

Con esta fin, seleccionamos tres dimensións avaliáveis: a diversidade, as actividades na aula e a avaliación. A continuación, desligamos cada unha das dimensións en indicadores de logro concretos, os cales puntuaremos nunha escala de 1 a 4, entendendo o 1 como un nivel nulo de consecución e 4, como nivel máximo.

DIVERSIDADE		1	2	3
1	Que fago para coñecer a composición da clase?			
	Pasar unha proba ao comezo do curso escolar			
	Ler os informes anteriores			
	Ver os resultados da avaliación			
	Facilítame a información a xefatura de departamento			
	Facilítame a información a xefatura de estudos ou o departamento de orientación			

	Facilitanma nas reunións de grupo			
2	Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, crear grupos, etc			
3	A miña programación ten en conta a diversidade			
4	Dou a cada alumno a explicación que precisa			
	Nun grupo grande			
	Nun grupo pequeno			
	Individualmente			
5	Propoño exercicios de diferente nivel en cada unidade e exame			
6	Teño en conta aos alumnos e alumnas que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo)			

ACTIVIDADES NA AULA		1	2	3
1	Os alumnos e alumnas traballan do seguinte xeito nas miñas clases.			
	Individualmente			
	Parellas			
	Grupos reducidos			
	Grupos grandes			
2	Os exercicios que propoño son do seguinte tipo:			
	Pechados, dirixidos, do libro, etc.			
	Abertos, procedimentais, diversos, proxectos, etc.			
	Facilitan o traballo cooperativo			
3	Na metodoloxía que aplico:			
	Utilizo ferramentas TIC			
	Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma			
	Baséome nas explicacións teóricas e do libro			
4	Como paso as horas lectivas? (promedio)			
	Conseguindo silencio			
	Impartindo teoría e explicacións			
	Respondendo preguntas, fomentando a participación, prácticas, etc			

	Observando			
	Corrixindo ao alumnado de forma individual			

AVALIACIÓN		1	2	3
1	Aclaracións aos alumnos da forma de avaliación previas ao comezo de cada tema.			
2	Utilizo diferentes tipos de probas.			
	Exames escritos			
	Exames orais			
	Traballo individual			
	Traballo en equipo			
3	Rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.			
	Non			
	Individualmente			
	En grupo			
	Cos alumnos			
4	Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos por alumnos e alumnas			
5	Na avaliación teño en conta diferentes competencias			

Ademais, entendendo dita avaliación como un proceso que incida na mellora da práctica docente, colabore na mellora da educación e oriente sobre a formación do profesorado; proporcionamos un apartado final onde explicitaremos as fortalezas e debilidades detectadas logo dun proceso de reflexión.

CONCLUSIÓN	
Aspectos positivos	Aspectos mellorables

PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TIC NAS MATERIAS DE MATEMÁTICAS

1 XUSTIFICACIÓN

A sociedade actual atravesamos por momentos decisivos de cara ao futuro. En moi poucos anos o vertixinoso avance das novas tecnoloxías da información e a comunicación e o seu impacto en tódalas ordes da vida social e cultural fan que debamos enfrontar a unha renovación no sistema educativo. O alumnado de ensino secundario obrigatorio, que agora ten entre 12 e 16 anos, aproximadamente, terá que convivir tecnoloxía toda a súa vida e polo tanto deberán estar preparados para utilizala e sacarlle o maior rendemento.

Unha metodoloxía baseada en *aprender facendo* debe ser a base dunha educación que pretenda ir cos tempos e nese eido, as TIC son o medio idóneo para este camiño.

2 MEDIOS MATERIAIS

No IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez está implantando o proxecto E-Dixgal en todos os cursos da ESO. Polo tanto, o alumnado pertencente a estes cursos dispón dun equipo informático portátil de uso individual. Ademais as aulas están dotadas de equipo portátil de aula, PDI, altofalantes...

Todos estes equipos están conectados á Rede a través da conexión Wifi ABALAR.

Nas aulas dos restantes grupos contamos con equipo informático de aula con acceso a internet e PDI.

PLAN DE ACTUACIÓN

Durante o presente curso está previsto traballar en todos os cursos de ESO dentro do proxecto E-Dixgal, é dicir, con unidades dixitais interactivas, aplicativos propios da maqueta Abalar e todas aquelas ferramentas dixitais na Rede que poidan aportar valor ao proceso de ensino e aprendizaxe das materias de matemáticas.

No caso das materias propias do Bacharelato, o desenvolvemento das sesións con axuda de soporte dixital límitase ao equipo informático de aula e ao uso da aula virtual de cada materia, especialmente nos casos do ensino semipresencial.

O departamento de matemáticas do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez apoia unha grade parte da súa metodoloxía de traballo na utilización dos materias e recursos dixitais do Proxecto Descartes e máis concretamente do Subproxecto ED@D.

Nos temas en que se utilice este método de apoio, o alumnado pode manipular as escenas (applets) de cada unidade, de xeito sinxelo e intuitivo, seguindo as indicacións da pantalla.

Cada un dos grupos de ESO e Bacharelato contan cunha aula virtual, dentro da plataforma EVA E-Dixgal, nos grupos de de ESO, e na aula virtual do centro para os grupos dos Bacharelato.

Estas aulas virtuais non só dan soporte aos contidos da materia, permiten a presentación e entrega de tarefas etc. senón que supoñen unha vía de comunicación permanente co alumnado a través das canles propias de cada plataforma: foros, mensaxería interna etc.

3 CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIA BÁSICAS

1. Competencia en comunicación lingüística

Teñen que ler na pantalla e escribir nos cadernos de traballo. Nos podemos quedar de costas ó futuro, a información chega cada vez con máis frecuencia a través das pantallas e teñen que aprender a ler detidamente todo o que alí aparece.

2. Competencia matemática

É evidente posto que desenvolve obxectivos desta materia.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Planéanse actividades concretas do mundo físico, en varias das unidades, especialmente nas de Xeometría, Análise das funcións e na Estatística, co que se contribúe ó coñecemento e á interacción co mundo físico.

4. Tratamento da información e competencia dixital

Tendo en conta que traballamos todo o currículo utilizando o ordenador, non cabe dúbida que se contribúe de maneira especial á adquisición desta competencia.

5. Competencia social e cidadá

A través do análise funcional e da estatística..

6. Competencia cultural e artística

O coñecemento matemático é en si unha expresión cultural, e en particular a xeometría é unha parte importante da expresión artística

7. Competencia para aprender a aprender

Despois da competencia matemática e da competencia dixital, posiblemente sexa á de aprender a aprender á que mais se contribúe con este método de ensino, xa que a aprendizaxe faise dun xeito individualizado, segundo o propio ritmo do discente, manexando un conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, que lle permiten dar con máis seguridade en si mesmo os pasos necesarios para aprender

8. Autonomía e iniciativa persoal

A resolución de problemas contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal porque se utilizan para aprender a facer planificacións, tomar decisións, comunicar resultados, etc.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO INSTITUTO

Tendo en conta que a lectura é a ferramenta fundamental de calquera actividade sexa de tipo propiamente lingüístico ou científico, desde o departamento de Matemáticas tratarase de facer actividades que conduzan a unha maior desenvolvemento desta capacidade entre o alumnado.

A linguaxe matemática (numérica, gráfica, xeométrico e alxébrica) é un vehículo de comunicación de ideas que destaca pola precisión nos seus termos e pola súa capacidade para comunicar grazas a un léxico propio de carácter sintético, simbólico e abstracto.

As medidas que se propoñen para colaborar no plan de fomento da lectura, son as seguintes:

ACCIÓNS DE TIPO XERAL:

- O departamento colaborará nas propostas que faga o equipo da biblioteca.
- Trátase de traballar a lectura en todo momento e non dedicar sesións fixas á comprensión lectora, para iso utilizaremos diversas estratexias de lectura.
- Cando aparezan textos, enunciados de problemas, explicacións teóricas, etc, farase unha lectura en voz alta, tratando de corrixir os defectos de entoación e ritmo. Alternarase coa lectura silenciosa.
- Farase fincapé no vocabulario utilizado.

OUTRAS ACCIÓNS:

- En todos os cursos se tratará, co nivel adecuado, o tema da resolución de problemas, tratando de fomentar así a comprensión e expresión oral e escrita
- Utilizar material de diferentes páxinas Web: Busca de información, obtención e tratamento de datos.
- Lecturas relacionadas coa historia das matemáticas, biografías, ...
- Realización de xogos matemáticos que melloren a comprensión e a busca de estratexias para a súa resolución